

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2025

CANTA

QUE CADRAMOS BEN

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL

Guía
didáctica

AUTOR: IES CASTELAO, VIGO (PONTEVEDRA)

XUNTA
DE GALICIA

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
Secretaría Xeral da Lingua
IES Castelao, Vigo (Pontevedra)

Imprime: Xoán Carlos Portos
Santiago de Compostela, 2025
Depósito legal: C 210-2025

Autoría

Helena Fernández González
Josefa Fernández Osorio
Sandra Freire Nimo
Rosalía Grandal Montero
Ramón Nicolás Rodríguez
Cándido Paniagua Pousa
Mónica Soto Balo
Gonzalo Vázquez Pereira

Coordinación: Gonzalo Vázquez Pereira

Imaxes

Os deseños dos carteis foron realizados por Chus Ferrín Iglesias e o alumnado de 4.º da ESO do IES Castelao: Sara Caeiro del Blanco, Lucía Cazalla García, María Corredera Pardo, Blanca Díaz Caride, Estela Dios Costas, Alexia Gallego Alonso, Izan Ramos Buceta, Lucía Rodríguez Álvarez, Iris Santana Cacabelos, Simón Pérez Soto e Valeria Atanes Forjato.

As fotografías dos carteis foron cedidas para este fin educativo polas persoas e institucións relacionadas a continuación: Real Academia Galega, O Fiadeiro, Juan Espinosa de Soto, Raúllagof, Artur Puga, Silvia Fontán Afonso, Ruth Matilda Ardenon, Proxecto Memoria das Mulleres, Bego Martínez, José Rodríguez, Yolanda Arias, Prieto Guerra, Gabriel Gustavo, Mondra, Caamaño&Ameixeiras, Sheila Patricia.

Proposta musical: Josefa Fernández Osorio

Gravacións: Marco Veiga Álvarez

Maquetaxe dos carteis: Carme Nogueira Alonso e Gonzalo Vázquez Pereira

Maquetaxe da proposta didáctica: Gonzalo Vázquez Pereira

Esta guía didáctica conta cunha [antoloxía de textos complementaria](#)

Introdución	3
Canta que cadramos ben	5
BLOQUE 1 • Presentación das homenaxeadas	
Elas sábeno adonairar	7
BLOQUE 2 • As mulleres na cultura popular	
Sei cantar e sei bailar	10
BLOQUE 3 • A música e o baile	
Sei tocar a pandeireta	12
BLOQUE 4 • Os instrumentos e a música	
Ata o mandil, Dolores	15
BLOQUE 5 • A vestimenta tradicional	
Se ti muiñeiro non es	17
BLOQUE 6 • Os oficios	
A alegría dunha nai	19
BLOQUE 7 • A familia e as relacións sociais	
Amores ao pé da porta	22
BLOQUE 8 • O namoramento	
Esta noite hai foliada	24
BLOQUE 9 • Os lugares da festa	
Xuventude desta terra	26
BLOQUE 10 • A música popular galega hoxe	
As cantareiras do Castelao	30
Bibliografía	32

CANTAREIRAS: POESÍA POPULAR ORAL DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2025

O Día das Letras Galegas de 2025 terá unha homenaxe ben especial: dedicárase aos traballos e á figura das cantareiras, mulleres que, ao longo de séculos, mantiveron a nosa lingua viva a través das súas coplas e melodías. A Real Academia Galega e múltiples entidades culturais coinciden na importancia de recoñecer as mulleres que, con tanto agarimo e talento, fixeron da lírica popular galega un dos maiores patrimonios culturais que posuímos. A historia das cantareiras vai máis aló da súa arte: é a historia dunha loita por preservar a nosa identidade e a nosa lingua cando todo parecía ameazado polo avance de novos tempos e novas formas de comunicar.

Na homenaxe deste ano serán seis as mulleres protagonistas do Día das Letras Galegas. Adolfina Casás e Rosa Casás (de Cerceda), Eva Castiñeira (de Muxía) e as Pandeireteiras de Mens, un grupo de mulleres de Malpica que, xuntas, escribiron algúns dos capítulos máis fermosos da tradición musical galega. Estas mulleres non foron só cantareiras e pandeireteiras, senón tamén heroínas descoñecidas da historia da nosa cultura. A súa música viaxou a través dos tempos e das xeracións, e mantivo vivo un legado que hoxe segue a resoar en todos os recunchos de Galicia e máis alá.

Adolfina Casás e Rosa Casás, tía e sobriña, foron dous dos grandes nomes recollidos por Dorothe Schubarth no *Cancioneiro popular galego*, unha das obras máis importantes para a recuperación da nosa música tradicional. A súa historia comeza no corazón de Cerceda, onde eran coñecidas pola súa destreza na improvisación de coplas e nas interpretacións das melodías tradicionais. Desde pequenas, Rosa e Adolfina teñen que loitar pola súa supervivencia, pero a paixón que amosaban pola música e a súa habilidade para transformar os sentimentos en cancións fixeron que se convertesen en figuras da tradición galega. A pesar de que nos anos 50, coas novas correntes musicais da radio, as cantareiras coma elas perderon protagonismo, Rosa e Adolfina nunca deixaron de cantar. O máximo apoxeo chegoulles nos anos 80, cando se reencontraron e retomaron o canto nas celebracións familiares. A historia destas mulleres foi relatada por Richi Casás, o neto de Adolfina, quen recolleu o seu legado no libro *Fuliada na Vila* (2020), que mostra como a música das nosas avoas segue viva, non só como unha reminiscencia do pasado, senón como un presente cheo de forza.

Outra das figuras recoñecidas nesta homenaxe é Eva Castiñeira, a muxiá que se converteu en toda unha pioneira. Eva cantaba nas festas e romarías desde ben nova, pero a súa verdadeira carreira como cantareira comezou cando, a principios dos 80, foi descuberta na Coruña por un membro do grupo Milladoiro. Eva foi a primeira pandeireteira en actuar cun grupo folk, e a súa voz quedou gravada para a posteridade en discos como *Recolleita* (1984) e *Galicia no país das maravillas* (1986), ambos cheos de melodías e cancións

populares. A súa historia reflicte a loita por ser recoñecida nunha época en que as mulleres, moitas veces, non tiñan o protagonismo que merecían. Cancións coma o «Valse de Agranzón» ou a «Jota de Eva» seguiron a soar durante anos nos discos de artistas como Xabier Díaz, Leilía ou Luar na Lubre.

As Pandeireteiras de Mens, de Malpica de Bergantiños, simbolizan a continuidade da tradición cara á modernidade. Este colectivo, composto por cinco mulleres —Prudencia Garrido Ameixenda, Asunción Garrido Ameixenda, Manuela Lema Villar, Adela Rey Torrado e Teresa Lema Varela—, foi clave na recuperación da música bailable galega a partir dos anos 70. As Pandeireteiras, cando xa superaban os 70 ou 80 anos, tiveron a oportunidade de viaxar por Europa e América compartindo a súa arte co mundo. En 1972, comezaron a súa andaina na Agrupación Folclórica Aturuxo, un grupo que as levou a escenarios internacionais e a convertelas nun referente para a música popular galega. As pandeireteiras demostraron que, sen as mulleres, a nosa música popular non sería a mesma e que a súa presenza e o seu legado son fundamentais para entendermos a evolución da música galega moderna. A súa historia foi recollida pola musicóloga e antropóloga Beatriz Busto Miramontes no libro *Pandereteiras de Mens*.

Un dos aspectos máis importantes desta homenaxe é que non só se celebra o pasado, senón tamén o futuro. Neste 2025, o Día das Letras Galegas estará tamén dedicado á xente nova que, inspirada nas cantareiras do pasado, está a reinventar a música tradicional. Artistas como Mercedes Peón, Leilía, Xabier Díaz, Faia Díaz, Sés, Tanxugueiras, Mondra e moitas e moitos outros están a tomar a música popular e a fundila con novos estilos, chegando a públicos máis novos e internacionais. A tradición non só se mantén viva a través de arquivos ou libros, senón tamén coas novas interpretacións que se fan en diferentes escenarios.

O Día das Letras Galegas de 2025 será, polo tanto, un día para celebrar a tradición, pero tamén para mirar cara ao futuro. Esta conmemoración ten como obxectivo que as voces das cantareiras que homenaxeamos —Adolfina, Rosa, Eva, Prudencia, Asunción, Manuela e tantas outras— non só sexan recordadas, senón escoitadas polas novas xeracións, nas aulas dos centros de ensino, nos conservatorios, nos escenarios e nos medios de comunicación. O legado das cantareiras non debe quedar relegado a un capítulo da historia, senón que ten que seguir a formar parte activa da nosa cultura.

Este 17 de maio será unha festa da tradición, da lírica popular galega e, sobre todo, da presenza e da forza das mulleres na nosa música. Para celebrar o seu traballo e mais para poñer en valor que, grazas a elas, hoxe temos un patrimonio que está vivo, que é dinámico e que segue a ser transformado por novas voces e músicas que continúan a súa loita pola lingua e a cultura galegas.

Canta que cadramos ben

BLOQUE 1 • PRESENTACIÓN DAS HOMENAXEADAS

1. Visita a [páxina web](#) da Real Academia Galega sobre o Día das Letras Galegas 2025 e procura a información necesaria para facer unha pequena biografía de cada unha das mulleres ás que se lles dedica a efeméride este ano.
2. Nesa mesma páxina podes ler o [texto](#) de Antón Santamarina para resolver estas preguntas:
 1. Por que razón lles dedicaron a estas mulleres e non a outras persoas o Día das Letras Galegas 2025?
 2. De que modo se conservou esta poesía popular oral?
 3. Segundo o autor, como cambiou a nosa sociedade nos últimos 80 anos?
 4. Que fenómeno ocorre, en cambio, cos cancioneros?
 5. Onde se ensinan as letras e as músicas das cantareiras?
 6. Para que vai servir a repercusión que terá este ano o Día das Letras Galegas dedicado á lírica popular?
3. Tras mirar o [vídeo](#) no que Miguel Lesta e Ales Míguez manteñen unha conversa, busca nos minutos que aparecen sinalados para resolver estas cuestións:
 - 00:22 - Cando comezaron as recollidas?
 - 05:18 - Establecen relacións coas informantes?
 - 06:32 - Quédanlles lugares aos que ir de recollida?
 - 10:58 - Como é chegar a un lugar sen que ninguén te coñeza?
 - 12:36 - Como é o momento en que dous descoñecidos chegan a unha aldea?
 - 16:52 - Teñen un método para as recollidas?
 - 22:09 - Cres que as coplas nos axudan a coñecer o contexto no que vivían antes?
 - 24:43 - Cal é a súa zona favorita?
 - 29:19 - Tivo Ales a sorte de que non se producise unha ruptura na cadea de transmisión? Por que?
 - 30:57 - Segundo os entrevistados, parece que se nos esqueceu todo o que pasou e agora idealizamos a vida no rural?
 - 34:40 - Como convive a nosa música coas influencias externas?
 - 36:03 - Que cantarían antes de morrer?
 - 38:28 - Cal é a súa copla favorita?

Somos seis as homenaxeadas, pero queremos ser a voz de moitas outras que foron antes ca nós e as que virán. As Pandeireteiras de Mens, en realidade, eramos cinco, non queremos esquecernos das nosas compañeiras Adela Rey e Teresa Lema.

39:59 - Hai perigo na mestura da tradición co contemporáneo para achegalo á xente no presente?

42:31 - É certo que teñen un proxecto nas redes sociais dedicado precisamente á transmisión?

44:58 - E a longo prazo?


46:01 - Cres que se cadra logran que a xente nova adopte isto como seu?

4. Visita a [páxina](#) do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade, do Museo do Pobo Galego, e logo procura e escribe no teu caderno un rexistro sonoro que teña que ver cos seguintes apartados:

- Festas
- Oficios
- Actividades do campo e do mar
- Sociedade

5. Pregúntalles ás persoas maiores da túa familia e da túa contorna e compila coplas populares, escríbeas no teu caderno e compárteas co resto da clase.

6. Localiza no mapa de Galicia estes lugares: Malpica de Bergantiños, Muxía e Cerceda. A que provincia pertencen? Sabes que nome recibe a costa que baña as dúas primeiras localidades? E o nome do océano?



Elas sábeno adonairar

BLOQUE 2 • As mulleres na cultura popular

1. Pescuda na rede que mulleres foron homenaxeadas no Día das Letras Galegas antes que as cantareiras. Aquí van unhas fotografías que che poden axudar. Indica o seu nome e mais o título dalgunha obra significativa.



Paréceche equilibrado o número de mulleres homenaxeadas fronte ao dos homes? A que cres que se puido deber isto? Facede un debate na clase sobre este tema.

2. [Cantareira](#), Palabra do Ano 2024. Analizade o artigo do Portal das Palabras e debatede na clase por que pensades que se impuxo esta voz fronte ás outras candidatas. A que se pode deber o feito de que se considere unha voz en feminino e colectiva?
3. Tras ler os tres últimos parágrafos da [entrevista](#) feita á cantareira de Soutomaior Maruxa das Cortellas, reflexionade sobre o papel autodidacta destas mulleres. A continuación, expoñede en gran grupo as vosas opinións sobre este tipo de aprendizaxe.

Consulta o concurso
da Palabra do Ano
aquí:



- No exercicio anterior falamos de Maruxa das Cortellas, imaxínaa tocando o pandeiro e fai un debuxo dela.
- Maruxa foi unha autodidacta. Coñeces o significado desta palabra? Relaciona os seguintes termos co seu significado e a continuación constrúe dúas oracións con eles.

Autodidacta

que non sabe ler nin escribir

Analfabeta

que se educou a si mesma sen axuda de mestres

- Adolfina e Rosa Casás, tía e sobriña, comparten unha condición común con Rosalía de Castro. Pescuda na rede e sinala de que condición se trata. Pero esta non é a única característica que une a Rosalía de Castro coas cantareiras e as pandeireteiras. Tendo en conta a obra fundamental da nosa literatura, *Cantares gallegos*, que relacións atopas entre esta e as nosas cantareiras?

Somos un grupo de mulleres fortes, pioneiras en percorrer o mundo cunha pandeireta na man nos anos 70 e 80. Conseguimos mudar o relato, tomando o centro do escenario e desprazando a figura icónica dos homes gaiteiros.

- Da nosa poeta universal tamén é [O conto gallego](#). Despois de lelo, indica que imaxe da relación amorosa presenta. Cres que Rosalía pretende criticar a actitude dos homes fronte ás mulleres? Busca agora semellanzas entre o contido do conto e o destas coplas populares:

Casadiña de tres días,
xa levaches unha tunda;
se cho saben as solteiras,
non se che casa ningunha.

Non te namores, meniña,
meniña, non te namores;
non te namores, meniña,
das palabriñas dos homes.

- Despois de ler as cantigas anteriores, debatede sobre se credes que as situacións que describen seguen presentes hoxe na nosa sociedade.
- «[Figa](#)» é unha canción das Tanxugueiras. Busca o significado desta palabra e indica que relación atopas entre o título e a letra (que podes ler na antoloxía de textos que acompaña a unidade).
A continuación, observa as coplas tradicionais que hai nesta mesma antoloxía e establece as conexións que se dan entre ambos os formatos.
Viviches ou coñeces algunha situación como as que se presentan nestas coplas?

10. Observa estas locucións: *muller de rúa*, *muller de vida*, *muller de boa vida*, *muller perdida*. Que significado teñen? Cres que se cambiamos o substantivo *muller* polo de *home* significarían o mesmo?
Inventa agora un novo significado para as locucións anteriores de xeito que elimines o seu contido pexorativo.
11. Procura a palabra *sororidade* no [dicionario da RAG](#). Agora fíxate nas cantigas que se recollen na antoloxía e indica se podemos percibir nelas este significado. Lembras algunha canción actual na que se desenvolva este concepto?
12. Procura na rede o poema «Xan», de Rosalía de Castro, e relaciónao co cartel 2. Por que cres que Rosalía pon a Xan no papel «propio de muller»? Cales eran as tarefas asociadas ás mulleres?
13. Co mandil e coas zapatillas vestían as Pandeireteiras de Mens nas súas actuacións. Completa ti o campo semántico da roupa con cinco palabras máis.



Sei cantar e sei bailar

BLOQUE 3 • A música e o baile

1. O noso baile tradicional é a muiñeira, que deriva da palabra *muiño*, hai quen di que é porque o ritmo da tarabela contra a moa semella o ritmo desta música e baile, e quen o atribúe aos bailes e ás xuntanzas que acontecían neles ou nos seus arredores mentres se moía.

- Sabes que son a *tarabela* e a *moa*? Búscaas no dicionario e logo completa a investigación coas partes do muiño.



- A conversa no muiño sempre espertou temores de quebranto de moral e por iso as disposicións dos bispos prohibían que os muiñeiros consentisen no muiño xente nova despois do toque de oración. Nos cantigueiros hai mostras que confirman o perigo da noite no muiño.

Unha noite no muiño,
unha noite non é nada,
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada.

Fun ó muiño con Paula,
fun ó muiño con ela,
ela durmeu nos meus brazos,
eu dormín nos brazos dela.

- Procura tres coplas máis que falen do muiño. Podes preguntar na túa contorna ou visitar as páxinas da [APOI](#) ou de [Volaivai](#).

2. Na primeira parte deste [vídeo](#) podes ver como se baila unha muiñeira vella. Esta filmación acontece en Mens, de onde son algunhas das nosas homenaxeadas, e foi gravada pola Sección Feminina en 1971.

- Quen era esa organización e que relación tivo coa música tradicional?
- Poderías analizar o papel que teñen as mulleres e os homes no baile da muiñeira vella? Que figura fan as mulleres no chan ao bailar?

3. Para transcribir a música existen partituras que os músicos len e tocan.

- Sabías que tamén hai quen quere facer o mesmo co baile, crear unha partitura dos pasos para lela e saber como bailar? Isto chámase «bailegrama» e é idea de Sergio Cobos. Aquí tes un [exemplo](#).

Mira este [vídeo](#) de Miguel Lesta onde explica os sete grandes tipos de muiñeira. Si, si, sete!!!

- Serías quen de transcribir a muiñeira da ligazón anterior con algo semellante a un bailegrama? Fai unha proba.

4. Mira esta [actuación](#) das Pandeireteiras de Mens na Televisión de Galicia en 1985 xunto á Agrupación Folclórica Aturuxo.

- Como van vestidas?
- Teñen a aparencia das pandeireteiras actuais?
- Fíxate en como tocan a pandeireta, fano co puño ou coa man aberta?
- Isto é exclusivo delas ou é común na súa zona?
- Están a tocar un maneo. Investiga que tipo de música e baile é e de que zona de Galicia é característico.

5. Ademais das pandeireteiras homenaxeadas neste ano, hai moitas tocadoras e cantareiras que merecerían ser homenaxeadas.

Investiga quen foron Josefa de Bastavales, Concha de Luneda ou Rosa e Aida Garrido e procura algún vídeo delas para ver toda a súa arte. A que artistas galegos e galegas actuais inspiraron estas mulleres? Para saber máis podes buscar un programa chamado *Alalá*, que falaba da música tradicional galega.

6. Hai unhas danzas moi especiais en Galicia que son as denominadas «[danzas brancas](#)». Despois de ler a información, contesta as seguintes preguntas:

- Que función teñen estas danzas?
- Por que se chaman «danzas brancas»?
- Cal é a súa orixe?
- Que tipos hai?

7. Na [revista Rebelico](#) falan do Rancho de Reis de Guláns (Ponteareas), unha das danzas brancas. Con que instrumentos bailan no Rancho de Reis? Desde cando se coñece esta danza? En que datas se realiza?

8. En relación cos ranchos de Reis tamén están os [cantos das Xaneiras](#), que se cantan no primeiro día do ano. Quen ía cantalos e que se pedía a cambio? Que outros cantos tamén había nese día?

9. Por último, hai outras danzas ben especiais que son as regueifas, como a da foto do lado. Indaga cando se bailaban e a que outras dúas cousas tamén se lles chamaba «regueifa». Tes algunha resposta neste [vídeo](#), onde sae Lupe Blanco, Nuria Penas e Lorena Medela.



10. Fíxate no cartel 3. A muiñeira, a xota... forman parte dun campo semántico, cal é? Compléatoo con tres bailes máis e indica cales coñeces.

Sei tocar a pandeireta

BLOQUE 4 • Os instrumentos e a música

1. Creade unha liña cronolóxica da nosa música cos textos e imaxes que vos proporcionamos. Tendes que organizar as fotografías da máis antiga á máis actual e unilas cos nomes dos seus protagonistas.

Leilía

Os gaiteros de Soutelo

Alana

Pandeireteiras de Mens



Susana Seivane

Aires d'a Terra de don Perfecto Feijóo



2. Na actualidade hai mulleres gaitadeiras brillantes. Procura os seus nomes e escoita algunha canción delas. Neste [vídeo](#) podes ver unha destas gaitadeiras actuais.
3. Moitas cantigas da literatura popular, como a do cartel, versan sobre os instrumentos que se tocaban nas festas e foliadas, xuntanzas nas aldeas para bailar e desfrutar do tempo de lecer.
- Que tipo de estrofas son estas coplas?
 - Investiga os outros nomes que tiñan esas festas segundo os distintos lugares de Galicia e tamén cando se realizaban. Podes atopar [aquí](#) unha axuda.
4. A gaita é un instrumento que xa utilizaban os pobos exipcio e grego, e que é coñecida en numerosos países. Une os lugares aos que pertencen as seguinte gaitas coas súas respectivas imaxes:

Galicia, Túnez, Irlanda, A India, Escocia e Irán



5. Mira este [vídeo](#) do Consello da Cultura Galega no que falan as tocadoras Sira Paz e Orestina Bustos sobre a música popular no contexto da emigración e resume cales eran os ritmos e os instrumentos máis utilizados.
6. O birimbao está presente na música tradicional galega, mais tamén en moitas outras melodías espalladas polo mundo, como nesta [banda sonora](#) de Ennio Morricone.
 - Sabes identificar que instrumento é?
 - Para que coñezas máis sobre el, podes mirar este [vídeo](#) de @rebelicorevista, da creadora de contido audiovisual Eva Fernández Prieto.
7. O sacho é un apeiro de labranza e tamén servía de instrumento nas «añas». Le este [artigo](#) da Galipedia e infórmate sobre o que son as añas para contarllo ao teu compañeiro ou compañeira de clase.
 - Neste [vídeo](#) podes ver a aña que representa a Asociación Cultural Trépia.
 - Mais aínda non o viches todo sobre o sacho. Este «instrumento» éche ben versátil e tamén se introduciu na música galega actual, que mestura tradición e electrónica, como observarás neste [vídeo](#) de Mercedes Peón.
8. Extrae a primeira copla da canción do vídeo, que se corresponde cunha cantiga popular, e comenta de que trata.
9. *Sacho* e *sacha* son dous termos que cambian de significado ao mudar o seu xénero. Identifica as diferenzas que hai entre estes pares de palabras:
cesto/cesta, coitelo/coitela, machado/machada, prato/prata
10. Para que recoñezas e aprendas o nome dos instrumentos musicais tradicionais, deixámosche este [Genially](#).
11. Nesta [páxina](#) do Consello da Cultura temos un compendio dos instrumentos que se tocan na nosa música tradicional, desde os máis coñecidos, de difícil elaboración, ata os menos coñecidos ou «instrumentos pobres», que se facían cunha folla, unha cana, un óso etc.

Fíxate nestes últimos e fai unha listaxe de dez instrumentos confeccionados con elementos da natureza. Tamén podes revisar os vídeos da páxina anterior sobre a súa elaboración e sobre como se tocan.

A zanfona é un instrumento do século XII que provén dun máis antigo que está no pórtico da Gloria, o organistro. Se observas este pórtico, contemplarás que o Mestre Mateo esculpiu, xunto cos seus axudantes, outros moitos instrumentos nas mans dos 24 anciáns da Apocalipse.

Ata o mandil, Dolores

BLOQUE 5 • A vestimenta tradicional

1. Axudándote dun dicionario, relaciona as seguintes palabras cos debuxos dos distintos elementos do traxe tradicional galego que ves a continuación:

- A. Dengue
- B. Mandil
- C. Chaleco
- D. Polaina
- E. Monteira
- F. Pano



2. Le este [artigo](#) do xornal e responde as preguntas:

- A. Que di o texto sobre a riqueza e a variedade do traxe tradicional galego?
- B. Que tecidos se nomean? Recoñécelos?
- C. Por que é famosa a vila de Camariñas?
- D. Cantos traxes se coñecen segundo o seu uso?
- E. Os traxes eran iguais en todas as zonas?
- F. Con relación á resposta anterior, que reflexión podes facer co que sucede hoxe en día?
- G. Que aconteceu con esta riqueza coa chegada da ditadura? Por que?
- H. Que valor teñen as mulleres na creación deste patrimonio cultural galego?

A vestimenta está relacionada co modo de vida da xente galega. Os zocos de madeira serviron como protección en traballos de campo, fábricas ou minas.

3. Deseña no teu caderno como che gustaría integrar algún aspecto ou peza do traxe tradicional na túa forma de vestir de todos os días ou para algún día especial.
4. En grupos de tres persoas e seguindo o exemplo deste [vídeo](#), facede unha presentación sobre a vestimenta tradicional. Non esquezades incluír música das cantareiras para ilustrar o voso traballo.

5. Nestas coplas populares has de seleccionar os elementos do traxe tradicional.

Aquela que anda no baile
coa saia de picote
e o galán que anda con ela
que ben retorce o bigote.

Baila con ela galán
non lle toques no mandil
ela é muller casada
ten o home no Brasil.

6. Na fotografía aparecen moitas pezas. Serás quen de asignarlles o seu nome?



7. Agora poñémoscho máis doado. Completa a táboa coas pezas do traxe tradicional que figuran a seguir. Se observaches o cartel 5, non terás moitas dúbidas.

chaleco, dengue, camisa, faixa, saia, mantelo, polainas, enagua, pucho, calzas, mandil

HOME	MULLER

8. Neste [Genially](#) podes facer unha sopa de letras da vestimenta tradicional.

9. Escribe un artigo ou un discurso sobre a importancia de conservar o patrimonio cultural galego. Non esquezas respectar a estrutura do texto que elixas.

Se ti muiñeiro non es

BLOQUE 6 • Os oficios

1. Observa o cartel 6 e escolle a opción correcta:

Cal era unha das principais funcións dos cantares populares na sociedade tradicional?

- a) Contar historias de reis e raíñas.
- b) Axudar a facer o traballo máis levado.
- c) Aprender novas técnicas de traballo.

Que tipo de actividades realizaban as mulleres?

- a) Só traballos domésticos.
- b) Só traballos agrícolas.
- c) Traballos domésticos, agrícolas e comerciais.

Que papel xogaba a música?

- a) Era só unha forma de entretemento.
- b) Era un traballo e unha expresión cultural.
- c) Só se interpretaba en festivais relixiosos.

2. Descubre a palabra agochada nos seguintes xeroglíficos. Unha pista é que son todos termos que se forman co sufixo –eiro, que significa «persoa que...».

1. 🌊 + 🧑
2. 🗺️ + ✂️ + 🧑
3. 🏠 + 📖

4. 🗺️ + 🛠️
5. 🐘 + ❤️

Como se chaman este tipo de palabras?

3. Iremos traballar agora coa **antoloxía de textos** que acompaña esta unidade didáctica. Procura nela unha copla para cada unha das profesións anteriores.
4. Dentro do grupo de coplas relacionadas co mar, distribúe en dúas columnas as que traten o oficio de mariñeiro de xeito positivo e negativo. Despois xustifica en que se basea a consideración, sempre conforme os textos.
5. Como se considera a figura feminina nas cantigas relacionadas cos mariñeiros?

6. Fronte ao oficio de mariñeiro, que se describe de maneira seria e respectuosa, como se describen os de ferreiro e carpinteiro? Sinala que utensilios se obteñen a partir do traballo destas dúas profesións.
7. No plano amoroso, os canteiros compórtanse de xeito mesurado? Na palabra *pico*, ferramenta dos canteiros, dáse unha *equivocatio*, porque presenta un dobre sentido. Indica cales son os dous valores deste concepto.
Repara que noutras coplas da antoloxía a ferramenta utilizada nos oficios ten ese dobre valor.
8. As cantigas sobre as feiras nalgúns casos son xocosas, pero, noutros, emprégase a metáfora da compra/venda ou o propio espazo da feira para reflexionar máis seriamente sobre as relacións humanas. De que tipo de relacións estamos a falar?
9. As cantigas que abordan os traballos domésticos presentan unha protagonista feminina. Indica cales eran estes labores.
10. Aínda que o dobre sentido está presente en calquera cantiga popular, dunha maneira bastante evidente atoparémolo naquelas relacionadas co pastoreo, que conteñen múltiples avisos á cautela.
Por que debían ter coidado as rapazas que se dedicaban a gardar o gando?
11. Hai certas actividades nas que se evidencia o traballo tanto das mulleres coma dos homes, como é o caso das tarefas agrícolas, apañar herba, sementar, recoller cereais...
Como era esta relación? Pensas que había un clima de axuda mutua ou de falta de respecto?
12. Busca en Internet cales son as orixes do fío (animal e vexetal) que se obtiña para crear tecidos. A que se dedicaban as tecelás ou tecedeiras a que se refire un dos poemas?
13. Observa as cantigas sobre as costureiras e indica cales son as calidades ou características que se lles atribúen.
O xastre da cantiga desempeña ben o seu traballo?

A alegría dunha nai

BLOQUE 7 • A familia e as relacións sociais

1. Tras observar o cartel 7, sinala se estas afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

1. ___ As festas tradicionais galegas non teñen ningunha relación coa transmisión da música popular.
2. ___ A mocidade implicábase na conservación da tradición cultural a través do canto e do baile.
3. ___ As festas só servían como espazos de diversión, sen outra función social ou cultural.
4. ___ As Pandeireteiras de Mens foron fundamentais na preservación da música tradicional galega.
5. ___ A mocidade non participaba na renovación da tradición cultural, só a aprendía pasivamente.
6. ___ As festas axudaban a reforzar a identidade cultural e a cohesión social da comunidade.

2. Certas persoas do ámbito da creación oral popular eran chamadas «fistor».

- Apunta o significado deste termo tras buscalo no [Dicionario de dicionarios](#), un recurso en liña que incorpora as entradas de moitos outros.
- Agora que xa sabes o que facían estas persoas, le o artigo titulado [«Fistoras de antano»](#) e apunta a continuación os nomes e os apelidos dalgunhas delas.

3. Imos analizar a seguinte copla:

A lúa vai encuberta
con panos de seda branca;
amores que ben me queren
traballan en Salamanca.

- Interpreta a súa mensaxe (pista: se cadra ten que ver coa emigración temporal que se realizaba desde Galicia no século XIX).
- Rastrea en Internet información sobre o primeiro verso. Este [vídeo](#) pode proporcionarche moitos datos.

4. Agora observa estoutra copla con atención e indica cal é o seu tema:


Cantai e beilai, meniñas,
e deixai falala xente
que o tempo da mocidade
non vos ha de durar sempre.

5. Nas nosas cantigas tamén hai espazo para a xente de fóra:

Castellanos de Castilla,
que lles fagués aos galegos,
que eles van coma palomas
e vén como corvos negros?

- Que pensas que nos intenta transmitir esta cantiga?
- Lembras se hai algunha escritora galega que ten un poema de título idéntico ao primeiro verso?

6. En todas estas coplas hai adxectivos ou complementos do nome que foron suprimidos. A continuación van os que se retiraron. Colócaos axeitadamente segundo a rima.



da festa en lío ruín da feira da misa

Marmurai, marmuradeiras,
marmurai todas de min,
que nunca fun marmurada
senon de xente _____.

Miña nai deume unha tunda
co troncho dunha nabiza;
miña nai, teña vergoña,
que vén a xente _____.

Miña nai deume unha tunda
cunha vara dunha xesta;
miña nai, teña vergoña,
que vén a xente _____.

Miña nai deume unha xota
co aro dunha peneira;
miña nai, teña vergoña,
que vén a xente _____.

Cálate e vaite calando,
carrete de malo fío,
que solo estás contento
cando ves á xente _____.

7. No ámbito familiar, repara no diferente tratamento que se lles dá nestas cantigas á nai e á sogra. Explicao coas túas palabras.

Pasei pola túa porta
e guichei polo ferrollo,
a meiga da túa nai
meteume un pau por un ollo.

Miña sogra que finou
Dios lle teia a groria santa
que me deixou por herdeira
dos remendos unha manta.

Morreume a miña naiciña,
levouma Noso Señor,
quero voar e non podo,
levoume a ala mellor.

8. Nestas coplas abórdanse diferentes temáticas: amor, divertimento, despreocupación, tempo de lecer... Asígnalles a cada unha o seu tema. Na última delas hai dúas palabras clave: *fiadeiro* e *ramboia*. Que significan?

O amor é feiticeiro,
que enfeitiza a mocedá
e despois de enfeitizada
solo pesares lle dá.

Estreliña do alto ceo,
dáme desa claridá;
foise o día, foise a noite, foise a
miña mocedá.

Á porta do fiadeiro
hai unha pedra redonda
onde se sentan os mozos
cando veñen de ramboia.

9. Presta atención ao seguinte [vídeo](#) con cantigas e despois responde as preguntas:

- Hai algunha que sexa familiar para ti? Por que?
- Amósao na túa casa e failles a mesma pregunta a teu pai, nai, irmáns, avós, avoas etc. Os resultados son os mesmos?



Amores ao pé da porta

BLOQUE 8 • O namoramento

1. O amor é un dos temas literarios máis recorrentes na historia de todas as literaturas. Dentro da galega, a literatura medieval contén dous xéneros que o tratan dende unha óptica feminina e outra masculina.

- Poderías dicir como se denominan eses dous xéneros?
- No ano 1998 dedicóuselles o Día das Letras Galegas a tres trobadores da ría de Vigo que compuxeron cantigas deses xéneros. Sabes quen son?

Visiona o documental [Dorothe na Vila](#), que trata sobre a musicóloga suíza e o traballo que levou a cabo nos anos setenta en diversas aldeas e vilas galegas.

2. Repara no termo *namoramento*. Indica que tipo de palabra é atendendo á súa estrutura léxica. Cal é a palabra base ou raíz?

3. Pregúntalle a algunha persoa maior por unha cantiga de contido amoroso en galego que cantasen na súa xuventude e reproducíaa. Se podes, transmítella á comunidade educativa a través da radio escolar.

4. A importancia da mirada e dos ollos descubrímola en moitos poemas da literatura culta e da popular. Busca na **antoloxía de textos** que acompaña esta unidade os poemas de Curros (a) e logo compáraos coa versión popular (b).

- Hai o mesmo número de recursos literarios? Indica algúns.
- Agora escoita o [bandcamp](#) do Leo Arremecághona cantando este poema de Curros. Logo, mira o [vídeo](#) do grupo Treixadura no que cantan a versión popular nas festas da Peregrina do ano 2012. Di cal che gustou máis e cal cres que ten maior carga emocional.

5. A mestura da literatura culta e da popular véñse dando ao longo do tempo. Diversas estudosas e estudosos opinan que o xénero de Amigo recibe, polo menos, unha forte influencia da tradición oral feminina cantada. Hoxe en día, estamos a vivir un rexurdir de grupos e cantantes que afondan na tradición.

Coa axuda do profesor ou da profesora, establece as semellanzas e as diferenzas que poidas atopar entre a cantiga de Amigo e as coplas actuais que se fornecen na antoloxía.

6. Deixámosche aquí o [vídeo](#) «Catro cousas», de Caamaño&Ameixeiras e Rodrigo Cuevas. Procura a letra e sinala o tema, e logo indica se che parece de autor culto ou popular. Anota onde está gravado e explica por que cres que se escolleu esa localización.
7. Nas cantigas, xunto á temática amorosa tamén aparecen recollidas outras realidades sociais, como a de xénero, a dignidade de clase ou a emigración. Sinala cal lles corresponde a estas coplas:

Máis quero ser solteiriña
que muller de home baldío,
máis quero un probe con honra
que sen ela un home rico.

Chamáchesme trubisquiña,
herba que o gando non come.
Vale máis ser trubisquiña
que muller de ruín home.

Bágoas que os meus ollos choran,
lavan un cesto de roupa;
¡como non han de chorar,
ti nunha terra i eu noutra!

8. Completa estas coplas de contido amoroso coas palabras que se propoñen.

rabo - cariño – día – noite – nai – río – silveira - voltas – galo - folliñas

Coas _____ dunha rosa
heiche facer un vestido
nunca perderá a cor
mentres nos dure o _____.

Miña _____ e maila túa
quedan no _____ berrando,
por culpa dunha galiña
que ten amores cun _____.

Quen ten amores non durme
nin de _____ nin de _____,
dá tantas _____ na cama
como peixe na auga fría.

O paxariño cando chove
mete o _____ na _____,
así fai a boa moza
cando non ten quen a queira.

9. Despois de ver o documental [Dorothe na Vila](#), responde:
- Quen son os protagonistas?
 - Cal é a finalidade da realización desta película?
 - Cal cres que é a motivación desta moza suíza?
 - Pensas que ten que ver con algún tipo de amor?
 - Onde está localizado o documental?
 - Reflexiona sobre a importancia da música neste documental, en como foi integrada, e escribe a túa opinión sobre esta.

Esta noite hai foliada

BLOQUE 9 • Os lugares da festa

1. Na seguinte ligazón podes ver un [programa](#) sobre o que son os seráns e como se realizaban estas festas no pasado. Despois de escoitar a primeira entrevista a Luis Prego, responde estas preguntas:
 - a. Como comezaban os seráns?
 - b. Quen arrancaba a cantar?
 - c. De cantas pezas se compuña unha festa? Cales eran esas pezas?
 - d. Di se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións e xustifica a túa resposta:
 - Quen comezaba a bailar nunha festa podía ter varias parellas de baile.
 - A xente que tocaba non bailaba.
 - Aos seráns ía só a xente do lugar.
2. Despois de ver o documental, elixe un dos seguintes temas propostos para debater cos compañeiros da aula:
 - A transcendencia das foliadas para a lingua galega.
 - O papel das mulleres na realización dos seráns.
 - Tipos de música que se tocaba e cantaba nestas xuntanzas.
 - Importancia das relacións amorosas nos seráns.
3. Une os termos da columna da esquerda coa definición correcta da columna da dereita.

Nesta [ligazón](#) tes publicadas as próximas foliadas ás que podes acudir e uns cantos grupos de música.

Foliada	Reunión nocturna de carácter festivo.
Ruada	Reunión nocturna que ten lugar nas casas, polo xeral en inverno, para divertirse.
Polavila	Reunión nocturna de xente para cantar e bailar.
Serán	Reunión de xente, polo xeral pola noite, para divertirse con cántigas, bailes etc.

Atendendo aos significados, que relación gardan as catro palabras anteriores?
Subliña a opción correcta:

sinonimia

antonimia

4. Nestes vídeos podes escoitar as cantareiras de [Toutón](#), [Barcia de Mera](#) ou de [Liñares](#), que se gaban do seu lugar e da súa forma de cantar. Coñeces máis coplas coma estas que se refiran a outras localidades? Recólleas.
5. Observa a información que se dá na entrada do [blog Músicas da Terra de Montes](#) e logo escoita algunhas das [coplas](#) cantadas polas Pandeireteiras de Arén. Deberás pescudar sobre as formas de cantar de diferentes zonas. Finalmente, cubre a seguinte ficha e compártea co resto da clase.
- Instrumentos utilizados
 - Forma de coller a pandeireta
 - Ton das voces
 - Letras das cancións
6. Esta canción das Tanxugueiras convida a asistir a unha foliada:

Esta noite hai foliada,
esta noite hai serán,
agárdoche no turreiro
compañeiriña leal.

- Que é o *turreiro*? Existen outras variantes para esta palabra?
 - Por que cres que convida a «compañeiriña leal»? Que recurso literario está a empregar?
 - É correcto o uso do pronome *che* nesa frase?
7. Coa axuda da profesora ou profesor de música, descubre os ritmos melódicos máis empregados neste tipo de composicións e a súa vinculación cos ritmos poéticos.
8. Busca no dicionario da RAG o que significa *fiadeiro*. Consideras que é sinónimo de *foliada*?
Están relacionados os lugares de traballo coa diversión? Por que cres que sucede isto?



Xuventude desta terra

BLOQUE 10 • A música popular galega hoxe

1. A música galega actual bebe da tradición que se foi debullando ao longo desta unidade. Os tempos mudan e, con eles, os termos. Relaciona os conceptos presentados na columna da esquerda coas definicións reinterpretadas.

Cantareira →	Voces procesadas (autotune).
Pandeireta →	Electrónica mesturada con melodías.
Alalá →	Rap ou improvisación de batallas dialécticas.
Regueifa →	Coreografías con pasos innovadores de grupos actuais.
Muiñeira →	Ritmos electrónicos reinterpretados.

Reflexiona: por que cres que algúns elementos se adaptaron e outros non?

2. A seguir tes varias cuestións de resposta curta:

- a) Nomea un grupo que mestura a tradición con sons electrónicos.
- b) Que instrumento se asocia coa nosa música tradicional?
- c) Como se chama a forma galega de improvisar en verso?
- d) Que festivais promoven a música tradicional e moderna?

Proposta adicional: busca na web os datos dun festival como o de Ortigueira ou o Maré e comparte unha curiosidade.

- e) Realiza este 

3. Presentámosche varios fragmentos extraídos de cancións actuais para que investigues quen as canta.

Sei cantar e sei bailar, sei toca-la pandeireta,
tamén sei face-la burla de quen me fai a PU...
O cantar e o bailar fan sua-la camiseta,
tamén a ha de suare quen m'a min faga a punheta.

....

Só quero saber cando te vou ver,
terriña que anhelos choro por volver.
Non podo vivir tan lonxe de eiquí,
escuma das praias onde eu crecín.

...

Sei toca-la pandeireta aquí en Lugo e Madrid,
sei toca-la pandeireta aquí en Lugo e Madrid,
sei toca-la pandeireta aquí en Lugo e Madrid,
tamén sei face-la burla do que a fai de min.

...

Aquí está o meu corazón,
se o queres matar ben podes.
Xa non leva nada dentro,
se o matas xa nada morre.

Ai agora vas polo mundo,
ai esfarelado as túas penas.
Ai aprenderás para sempre,
ai non as fagas non as temas.



4. Seguimos a investigar na música do momento.

Tanxugueiras. Como describirías o seu estilo? Cales son os temas que abordan nas súas letras?

Baiuca. Que elementos electrónicos utiliza para modernizar a tradición?

Adufeiras de Salitre. Que papel xogan as «cantareiras modernas» nas súas composicións?


Caamaño&Ameixeiras. Cal é a transcendencia das novas voces femininas no panorama musical actual?

Mondra. Que credes que intenta achegar este artista co seu proxecto musical?

Carme López. Investiga por que o seu primeiro disco, *Quintela*, foi catalogado pola crítica como experimental.

5. Completa este encrucillado axudándote das definicións que se achegan.

1. Forma de improvisación oral en verso típica galega.
2. Evento social onde as persoas cantan, bailan e improvisan en comunidade.
3. Nome dunha das pezas galegas de ritmo lento e melancólico.
4. Artista galego que colabora con cantareiras modernas para reinterpretar a tradición.
5. Cancións transmitidas de xeración en xeración que se cantaban durante o traballo.
6. Espazo típico onde se realizaban foliadas e regueifas no pasado.
7. Baile galego con pasos rápidos e moi representativo.
8. Festival internacional dedicado á música celta que se celebra en Galicia.
9. Grupo feminino que mestura tradición e bases electrónicas.
10. Estilo musical de Baiuca.
11. Instrumento de percusión usado polas cantareiras.



6. Atrevédesvos a regueifar?

- Despois de informarnos nesta [ligazón](#), e seguindo as regras básicas desta disputa dialéctica, create a vosa composición tendo en conta a súa mecánica habitual:
 - 1.º Breve saúdo ao público ou ás autoridades.
 - 2.º Desafío dialéctico: un ataca e o outro deféndese, e así sucesivamente.
 - 3.º Despedida do público e das autoridades.
- Organizade unha competición entre dous equipos elaborando versos sobre un tema actual, como a tecnoloxía ou a ecoloxía.
- Escollede un ritmo de base (coa pandeireta ou con música de fondo).

Debate de grupo sobre este tema: «A música tradicional galega debería manterse intacta ou evolucionar coa modernidade?».

Dividide a clase en dous grupos (un a favor e outro en contra). Cada un presenta tres argumentos principais. Logo establécese un minidebate con refutacións e argumentacións baseadas na música galega actual. Conclúide cunha reflexión conxunta sobre a importancia de equilibrar a tradición e a innovación.

7. Agora aprendemos a bailar a muiñeira.

- Mira este [vídeo](#) da muiñeira tradicional.

- Xunto cos compañeiros da clase, aprende os pasos básicos do baile.
- Introduce un elemento moderno (como un xesto de baile actual ou unha melodía moderna).

8. Reinterpretación musical. Dividimos a clase en grupos pequenos. Cada un escolle unha cantiga tradicional e elabora unha versión moderna (engadide ritmos de percusión, efectos ou versos novos). Logo facemos a presentación final das creacións na aula.

9. Pensa en todo este fenómeno da música tradicional e do seu momento actual. Para iso, aquí tes uns vídeos da Escola Alpendre. Tras miralos, fai un texto de opinión no que recollas se estás de acordo co que se di neles.

[«Que che supón cantar algo do teu lugar?»](#), Rocío Bello

[«Limita facer música en galego?»](#), Caamaño&Ameixeiras

[«Hai perigo na fusión tradición-contemporáneo?»](#), Ales Míguez e Miguel Lesta

Para concluír, formulámosche esta cuestión sobre os roles de xénero: pensas que está superado o feito de que sexan os homes os gaiteros e as mulleres as pandeireteiras, ou que sexan os homes os que saquen os puntos no baile?

Para exemplificar, aquí vai o [vídeo](#) de Unto Vello, un grupo de dous rapaces noviños.

10. Escoita esta [lista de reprodución](#) de éxitos galegos en Spotify e sinala tres cancións que che gustasen.

11. Elabora un pequeno cartel no que a protagonista sexa unha cantareira actual, e comparte unha breve ficha biográfica.

12. De todas as coplas que coñeches ao longo desta unidade, escolle unha que che guste especialmente e inspírate nela para facer un debuxo.

Nesta [ligazón](#) atoparás todas as ilustracións realizadas por alumnado da ESO do IES Castelao, como as dos carteis.

13. Escolle unha cantiga con música das que escoitaches ao longo desta unidade didáctica e tenta compor unha letra diferente que fale de calquera aspecto da túa vida cotiá que che apeteza, para que cadre coa mesma música.

14. Despois de todo o que puidestes coñecer ao longo desta unidade, realízade un cartel promocional para o Día das Letras Galegas 2025 en grupos de tres persoas.

As cantareiras do Castelao

Proceso CREATIVO

Neste proxecto innovador, o estudiantado do IES Castelao tivo a oportunidade de mergullarse nas raíces da nosa tradición musical a través das coplas populares. Tomando estas pezas como punto de partida, crearon a súa propia canción inspirándose no bo facer das Pandeireteiras de Mens.

O proceso creativo tivo varias fases:

1. Recolección de coplas. O alumnado examinou o repertorio tradicional galego e seleccionou as que mellor representasen o noso patrimonio cultural.
2. Adaptación e reinterpretación. Estas coplas foron transformadas e adaptadas, engadíronse letras propias, novas melodías e harmonías.
3. Composición musical. Fixéronse arranxos orixinais empregando unha combinación de instrumentos tradicionais e modernos.
4. Gravación e produción. Finalmente, a peza foi gravada no estudio do instituto, co que demostraron a súa capacidade para traballar en equipo e desenvolver unha obra artística completa.

**Consulta o proxecto
creativo do
IES Castelao**



A seguir presentamos a letra e mais a partitura. Cada verso foi elaborado coidadosamente para manter a esencia da copla popular ao tempo que se lle engadiu un toque persoal. A partitura combina melodías, harmonías e ritmos tradicionais para crear unha obra única.

PERCUSIÓN

UAH PANDEIRO 6/8 ♩. ♩. | ♩. ♩. | ♩. ♩. ||

CUNCHAS 6/8 ↓ ↑ ↓ ↑ ||

ESTROFA PANDEIRETA 6/8 ♩. ♩. ||

Uah

Este pandeiro que toco
 por moito que repenique, (bis)
 non teñas medo que rache
 que é de coiro de cacique. (bis)

A pandeireta na man-he
 heina de facer falar-e, (bis)
 soio lle faltan os ollos
 para poder namorar-e. (bis)

Esa bailadora

Esa bailadora que bonita é
 debuxando voltas na punta do pé,
 na punta do pé, na punta do pé,
 esa bailadora que bonita é.

Unha volta polo medio
 e outra volta de arredor-e
 así fai o que ben baila,
 así fai o bailador-e. (bis)

Para aquel que entrou no baile,
 para aquel que entrou agora,
 para aquel que entrou no baile,
 cantarei a noite toda. (bis)

Bibliografía e webgrafía

[A orella pendella](#). Consultado: 29-12-2024.

[Arquivo Sonoro de Galicia](#).

Camafeita Longa, O. M. (2001). *A música popular en Galicia. Glosario monolingüe*. [Traballo de fin de Grao. Universidade de Vigo]. Consultado: 29-12-2024 en [Regueifa.org](#).

[Folkotecagalega.gal](#). Consultado: 29-12-2024.

Lado, María (2025). *Canta miña compañeira, canta*. Xerais.

[Letras.com](#). Consultado: 29-12-2024.

[Letras Galegas 2025](#), Real Academia Galega.

[Lyrics Traslata](#). Consultado: 29-12-2024.

[Ogalego.eu](#). Consultado: 29-12-2024.

Schubarth, D., e Santamarina, A. (1982). *Cancioneiro popular galego. Volume I*. Fundación Barrié.

VV.AA. *Cantareiras: a poesía popular nas Letras Galegas 2025*. Lela Edicións.

